



O TEATRO



O entroido xa pasou, pero o tempo dos disfraces non rematou. Os Amigos de Vilaverde xogan a ser actores e actrices. Subirán a un escenario e representarán varios contos. Para iso usarán diversos materiais de reciclaxe. Aló van a clase de Educación Artística. Cun pouco de creatividade e imaxinación... ¡Á ver que inventan! Dámosvos algunhas ideas.

Recoñeces os nosos amigos e amigas? Están todos ben guapos!
Qué historia nos contarán? Será a dun mago que escapou nun globo para rescatar unha
princesa? Ti que opinas? Seríades capaces de facer algún disfraz parecido a estes?
Seguro que si!



Reis, piratas, vampiros, pantasmas... Que conto nos relatarán agora os nosos amigos? Fixádevos nos disfraces e inventade unha historia!



Os nosos amigos non só prepararon os disfraces. Tamén fixeron os decorados para o teatro.
E todo con materiais reciclados!

